

GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS SANITARIOS

Memoria 2023



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Servizo Galego de Saúde
GALARIA – Empresa Pública de Servizos Sanitarios

Santiago de Compostela, 2024

Edita:
GALARIA – Empresa Pública de Servizos Sanitarios.

Coordinación:
Alicia Piñeiro Redondo

Deseño e maquetación:
Relaciones Públicas Galicia S. L.

Galaria, Empresa Pública de Servicios Sanitarios

Memoria 2023

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. ORGANIZACIÓN	5
Misión e visión	7
Valores	7
Principais competencias	8
Estrutura	9
Organigrama	10
Recursos Humanos	13
Información orzamentaria	15
2. DATOS XERAIS DA ACTIVIDADE DURANTE O ANO 2023	16
Datos xerais de actividade	17
Outra actividade	18
3. ACTIVIDADE ASISTENCIAL	19
Diagnóstico por Imaxe	20
Medicina Nuclear	21
Oncoloxía Radioterápica	24
Servizo de Radiofísica	25
Unidade de Protección Radiolóxica	25
Servizo de Consultoría	26
Unidade de produción de fármacos	27
Plataforma multiservizo Saúde en Liña	30
Oficina Técnica de Seguimento (OTS)	30
Unidade Central de Radiofarmacia	30
Outras accións significativas do 2023	31
Actividades en materia de investigación e desenvolvemento	33

1. ORGANIZACIÓN



1. ORGANIZACIÓN

Coma cada ano, recollemos nestas páxinas un resumo da actividade realizada ao longo do último exercicio polas diferentes áreas de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA, xunto cos acontecementos máis relevantes protagonizados ou promovidos pola organización ao longo deste período.

Galaria é unha empresa pública autonómica do Servizo Galego de Saúde ao servizo técnico da Xunta de Galicia. O seu valor engadido é a súa capacidade para desenvolver de maneira integral e transversal calquera proxecto de xestión sanitaria que requira unha ampla abordaxe dada a súa complexidade.

Na actualidade, ademais de ofrecer servizos sanitarios de alta tecnoloxía, está habilitada para procurar desenvolver, executar e explotar infraestruturas sanitarias promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, e para desenvolver actividades de consultoría no ámbito sanitario, xunto con outros servizos e proxectos de carácter transversal relacionados co ámbito da saúde.

É unha sociedade con autonomía de xestión e de carácter e capital integramente públicos:

- Carácter público. Sociedade de titularidade pública e capital integramente público (100 % Servizo Galego de Saúde).
- Unidades asistenciais integradas nos hospitais do Servizo Galego de Saúde.
- Autonomía de xestión. Flexibilidade e axilidade na prestación da atención sanitaria.
- O paciente como obxectivo prioritario. Organización da actividade ao redor do proceso asistencial.
- Calidade e mellora continua. Empresa comprometida coa calidade en sentido integral. Todos os servizos de Galaria dispoñen da certificación de calidade ISO 9001:2015.

MISIÓN E VISIÓN

Actualmente, Galaria desenvolve aqueles proxectos que lle son encomendados, segundo a seguinte MISIÓN:

1. Colaborar co Servizo Galego de Saúde na atención dos pacientes de Galicia nas especialidades:
 - Oncoloxía Radioterápica
 - Radiofísica
 - Medicina Nuclear
 - Diagnóstico por Imaxe
2. Impulsar e promover, en colaboración con ACIS e co resto de axentes do sistema, a aplicación da innovación sanitaria en procesos, servizos e tecnoloxías nos nosos campos de actividade.
3. Xestionar os centros e servizos que nos sexan asignados pola autoridade competente.
4. Desenvolver, fabricar e distribuír fármacos aos distintos centros sanitarios.
5. Prestar servizos de asesoramento e control de calidade en protección radiolóxica.
6. Prestar proactivamente servizos de consultoría na dotación de equipamento sanitario e xestionar outras solicitudes.

Galaria, na súa VISIÓN de futuro, fíxase converterse nunha organización de referencia para o ecosistema sanitario na prestación dos servizos reflectidos na misión, tanto polo seu modelo e capacidade coma pola orientación á innovación de produtos, procesos e servizos, apoiando o Servizo Galego de Saúde e as áreas sanitarias na mellora da súa calidade asistencial e dos seus resultados.

VALORES

Cara ao paciente:

1. Calidade asistencial cara ao paciente: nos servizos asistenciais, buscando a máxima calidade asistencial.
2. Orientación á persoa: humanización do trato aos pacientes e ás familias.

Cara a outros axentes:

3. Orientación á colaboración con outros axentes relacionados, co espírito de colaboración con terceiros, a vocación de servizo e de ser útiles. Galaria entende o sistema sanitario como unha suma de capacidades de axentes diferentes que, compartidas, fan mellor o funcionamento do sistema e melloran o seu resultado co paciente.

Na xestión:

1. Eficiencia: definida pola preocupación por ser eficaces co consumo axeitado de recursos, así como ser áxiles e resolutivos.
2. Innovación: actitude da organización que aspira á mellora continua dos seus procesos e servizos, así como a impulsar a innovación e o cambio en sentido amplo, tanto dentro coma cos axentes cos que se relaciona.

Co persoal:

3. Formación continuada do cadro de persoal.
4. Implicación do persoal: Galaria son as persoas e impulsa o maior compromiso e implicación entre todo o persoal para o bo desenvolvemento dos servizos.

Na actividade diaria, Galaria implícase ao máximo nivel cos obxectivos do Servizo Galego de Saúde, que comparte e asume como propios, funcionando como un axente máis do sistema e con esa orientación á colaboración.

Obxectivos básicos na planificación xeral	EIXE E2	Benestar das persoas e das familias e cohesión social
Prioridade de actuación	PA2.1	Sistema sanitario sostible e de calidade
		Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables

PRINCIPAIS COMPETENCIAS

1. Colaborar co Servizo Galego de Saúde na atención aos pacientes de Galicia en Oncoloxía Radioterápica, Radiofísica, Medicina Nuclear e Diagnóstico por Imaxe.
2. Impulso e xestión do Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas de Galicia (CAR-T).
3. Xestionar centros e servizos asignados pola autoridade competente.
4. Desenvolver, fabricar e distribuír radiofármacos.
5. Asesorar e controlar a calidade en protección radiolóxica.
6. Realizar servizos de consultoría.
7. Levar a cabo outros servizos sanitarios: Plataforma de Servizo en Liña, Oficina Técnica de Seguimento (OTS) da Plataforma Loxística Integral.

ESTRUTURA

O órgano de goberno de Galaria é o Consello de Administración, que está presidido estatutariamente polo conselleiro de Sanidade e integrado por outros altos cargos da mesma consellería, da Consellería de Facenda e do Servizo Galego de Saúde.

Composición do Consello de Administración no 2023:


Presidente e conselleiro delegado	Julio García Comesaña Conselleiro de Sanidade
Vicepresidenta	Estrella López Pardo Xerente do Servizo Galego de Saúde
Secretaria	Laura Recacho Rivas Subdirectora de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade
Conselleiros	Alberto Fuentes Losada Secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade
	Carmen Durán Parrondo Directora de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade
	Jorge Atán Castro Secretario xeral Técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública
	María Jesús Piñeiro Bello Directora xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde
	Ana María Comesaña Álvarez Directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde
	Jorge Aboal Viñas Director de Asistencia Sanitaria do Servizo Xeral Galego de Saúde

O Consello de Administración nomea o director xerente, ao que lle corresponde xestionar a organización. Cada unidade clínica, así como a División de Consultoría, o Servizo de Radiofísica e Protección Radiolóxica e a Unidade de Radiofármacos PET Galicia (Ciclotrón) teñen á fronte un responsable, que forma parte da estrutura directiva da empresa, e o cadro directivo intégro, ademais, un director de Recursos Humanos e un director económico-administrativo.

A empresa ten unha estrutura organizativa de carácter matricial. Tanto as unidades asistenciais coma a División de Consultoría, o Servizo de Radiofísica e Protección Radiolóxica e a Unidade de Radiofármacos PET dispoñen dun alto grao de autonomía de xestión. Estas áreas da organización, que actúan como «centros de actividade», contan, para levar a cabo o seu labor asistencial e de asesoría, co apoio das áreas de Recursos Humanos e Económico-Administrativa, xunto con outros departamentos de soporte, como os de Calidade, Mantemento e Obras, Informática, Contratación, Comunicación e Riscos Laborais, que ademais de facilitarlles as xestións non directamente asistenciais, participan activamente nos procesos de planificación, elaboración de orzamentos e control dende as súas respectivas ópticas.

ORGANIGRAMA

O organigrama vixente foi aprobado polo Consello de Administración na súa sesión do día 22 de marzo de 2013.



RELACIÓN DE POSTOS DE RESPONSABILIDADE

Dirección	Rocío Mosquera Álvarez Directora xerente
	Rosario Royo Martel Directora de Recursos Humanos
	Pablo Ponte González Director da Área Económico-Administrativa
Responsables de Áreas de Soporte	Alicia Piñeiro Redondo Responsable de Calidade
	Odilo García Rivera Responsable de Mantemento, Obras e Compras
	Celso Diz González Xefe de servizo de Informática
	Antonio Andreu Vázquez Responsable de Relacións Laborais e Riscos Laborais
Outros postos de responsabilidade na estrutura central	Leonor María Bueno Lema Xefa de sección de Contabilidade
	Patricia Peleteiro Alonso Responsable de Facturación de Sistemas de Información
	Patricia Mantilla Álvarez Responsable do Servizo de Control de Xestión

ASISTENCIA SANITARIA

Medicina Nuclear	Ramón Guitián Iglesias Director técnico
	Ana María López López Xefa de sección (Vigo)
	Ana Cristina Gil Rodríguez Supervisora
Diagnóstico por Imaxe	Mercedes Arias González Xefa de servizo
	Juan José Bugarín Pampillón Coordinador
Oncoloxía Radioterápica	Víctor Muñoz Garzón Director técnico
	M^a Luisa Vázquez de la Torre Xefa de sección
	Manuel Jesús Enguix Castelo Supervisor

UNIDADES DE SERVICIOS

Servizo de Consultoría	Alicia Piñeiro Redondo Xefa de servizo
Servizo de Radiofísica	Manuel Salgado Fernández Xefe de servizo
Unidade Técnica de Protección Radiolóxica	Fernando Ruiz García Xefe de sección da UTPR

UNIDADE DE PRODUCCIÓN DE RADIOFÁRMACOS PET GALICIA

Unidade de Radiofármacos PET Galicia	Santiago Medín Aguerre Director técnico
---	---



2

ÁREA DE TRABALLO

RECURSOS HUMANOS

CADRO MEDIO DE PERSOAL

A creación do Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas de Galicia (CAR-T) e a crecente actividade dos servizos de Galaria fixeron que o cadro medio de persoal o 31 de decembro de 2023 sexa de 203 traballadores/as de media, 12 persoas máis que a media do peche de 2022.

O persoal do cadro (propietarios e interinos) representa o 71 %, preto do 18 % substituto e o 11 % eventual. A meirande parte do persoal concentrouse en Vigo (80 %), seguido de Santiago (16 %) e Ourense (4 %).

Unha de cada tres persoas traballadoras de Galaria desempeñou a súa actividade en Oncoloxía Radioterápica (preto de 72 persoas) e Diagnóstico por Imaxe, que se trata do segundo servizo máis numeroso, con case 36 traballadores/as de media.

O 69 % do cadro de persoal está composto por traballadores e traballadoras sanitarios, no que destaca o grupo de técnicos que, con preto de 64 persoas, representa o 32 % do cadro de persoal total. O persoal facultativo foi o segundo colectivo con maior representación, acadando o 20 %.

Neste sector tan feminizado, o número de mulleres representa o 70% do total, proporción que se mantén invariable dende o inicio da actividade de Galaria. A idade media sitúase nos 45 anos, valor similar ao de 2022, cun equipo directivo como colectivo máis envellecido. O resto do cadro oscila entre os 37 e os 52 anos.

Cadro medio de persoal, ano 2023

Persoal facultativo	Persoal sanitario non facultativo	Persoal non sanitario
19 %	69 %	12 %

FORMACIÓN

Durante 2023 rexistráronse 142 accións formativas e 515 asistencia, o que supón 4.379 horas de formación.

Das 142 actividades de 2023, 106 delas centráronse en contidos asistenciais (75 %), 18 estiveron relacionadas con aspectos de xestión (13 %) e 18 foron actividades de prevención de riscos (13 %).

O maior número de asistencia concentrouse nos cursos, con 137 asistencia cunha media de seis alumnos/as por actividade, e as sesións clínicas, cunha media de 5 asistentes.

Por grupos profesionais, o colectivo de facultativos especialistas computou o maior número de asistencia, fundamentalmente a sesións clínicas, ao igual que o colectivo de técnicos. O resto de grupos participou maioritariamente en cursos.

En relación co número de horas formativas recibidas, Medicina Nuclear encabeza o ránking con 1.394 horas (32 % do total de Galaria en 2023) repartidas en 72 asistencia a actividades, e en segundo lugar Oncoloxía Radioterápica suma 1.133, 5 horas formativas con 213 asistencia.

Extrapolando estes datos ao cadro media de cada Servizo, a imaxe resultante é completamente distinta, destacando o CAR-T como o centro con máis horas de formación por persoa, cunha media de 76 horas e 7 actividades por cada traballador/a.

En 2023 planificáronse 21 bloques de contidos formativos/actividades, que supuxeron 29 accións, 197 asistencia e 339 horas de formación.

Tipo	Contido planificado	Total Actividades	Total asistencias
1. ACTUALIZACIÓN	CONDUCCIÓN EFICIENTE	2	21
	CONTROL DO MOVEMENTO DO TUMOR EN RADIOTERAPIA	1	10
	FORMACIÓN INICIAL PRL CAR-T	1	8
	MÁSCARAS TERMOPLÁSTICAS: CEREBRAL/OMBREIRO/RDC	1	12
	QUANTSTUDIOS SMART START OPERATION AND ANALYSIS SOFTWARE	1	4
	REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E PLAN DE EMERXENCIA DA INSTALACIÓN RADIATIVA	1	10
	SISTEMA DE CONTROL RESPIRATORIO VARIAN	1	9
2. NOVAS COMPETENCIAS	FORMACIÓN COMO XEFA DE PR	1	1
	FORMACIÓN DOSEWATCH. XDOSE	1	5
	FORMACIÓN EN CONTROIS CALIDADE MEDICINA NUCLEAR	1	1
	FORMACIÓN NO MANEXO DO CITÓMETRO BD FACSLytic	2	4
	FORMACIÓN EN NOVA GANMACÁMARA OURENSE	3	10
	FORMACIÓN EN NOVA XERAL SIGNA VOYAGER	2	11
	FORMACIÓN EN NOVAS GANMACÁMARAS	3	26
	FORMACIÓN EN NOVO PET	1	12
	NOVO SIMULADOR TC RTP	2	17
	NOVO SISTEMA DE COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS	1	9
	RADIOCIRUXÍA DO TRIXEMINO CON CONOS	1	7
	SALAS BRANCAS CAR-T	1	8
	USO DO CLINIMACS PRODIGY	1	2
	SISTEMA DE CONTROL RESPIRATORIO VARIAN	1	10
ACTIVIDADES E ASISTENCIA TOTAIS		29	197

INFORMACIÓN ORZAMENTARIA

EXERCICIO 2023		
A – Operacións continuadas		
1.	Importe neto da cifra de negocios	416.257
4.	Aprovisionamentos	(4.713.393)
5.	Outros ingresos de explotación	18.977.293
6.	Gastos de persoal	(10.797.029)
7.	Outros gastos de explotación	(2.856.649)
8.	Amortización do inmovilizado	(832.651)
12.	Outros resultados	(986)
A-1 – Resultado de explotación		199.865
A-2 – Resultado financeiro		(70.147)
A-3 – Resultado antes de impostos		129.718
17 – Imposto sobre sociedades		32.698
A-5 – RESULTADO DO EXERCICIO		97.020

2. DATOS XERAIS DA ACTIVIDADE DURANTE O ANO 2023



2. DATOS XERAIS DA ACTIVIDADE DURANTE O ANO 2023

As instalacións operativas das unidades asistenciais durante o 2023 atópanse situadas no Hospital do Meixoeiro e no Hospital Álvaro Cunqueiro en Vigo, no Hospital Santa María Nai de Ourense, no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, e posúe tamén tres centros de resonancia móbil en itinerancia, incrementadas temporalmente a catro durante este exercicio.

As actividades ás que se dedicou a sociedade ao longo do ano 2023 tiveron dous eixes centrais:

1. Xestión integral de unidades asistenciais de alta tecnoloxía e da Unidade de Produción de Radiofármacos PET de Galicia.
2. Asesoramento e consultoría no eido sanitario de equipamento electromédico, así como as actividades de protección radiolóxica e radiofísica hospitalaria.

Durante o 2023 avanzouse no proxecto de alta tecnoloxía sanitaria destinado a dotar a Comunidade Autónoma dun centro punteiro de fabricación propia de medicamentos CAR-T. As súas instalacións operativas están no antigo Instituto de Ortopedia e Banco de Tecidos Musculoesqueléticos, situado no Monte da Condesa de Santiago de Compostela.


Asemade, participouse activamente en diferentes proxectos de economía circular vencellados co eido sanitario, así como na elaboración e presentación da Estratexia de Economía Circular do Servizo Galego de Saúde.

A sociedade realiza a parte esencial da súa actividade co Servizo Galego de Saúde e a principal actividade desenvolvida consistiu na xestión das unidades de Medicina Nuclear (Vigo e Ourense), Diagnóstico por Imaxe (resonancias móbiles) e Oncoloxía Radioterápica (Vigo).

DATOS XERAIS DE ACTIVIDADE

Contratos licitados – Importe: 5.758.091,76 €

Contratación administrativa – Datos desagregados por tipos de procedemento




*Importes licitados sen IVE

OUTRA ACTIVIDADE

Indicador	Descrición	Unidades
B.AA1	Núm. de tratamentos oncolóxicos	2.863
B.AB1	Núm. de resonancias magnéticas móbiles	33.377
B.AC1	Núm. de gammagrafías (Vigo)	5.300
B.AC2	Núm. de gammagrafías (Ourense)	4.326
B.AC3	Núm. de PETS	4.711
B.CA1	Controis de protección radiolóxica	674
B.CB1	Núm. de doses de FDG e F-Colina subministradas	12.843
B.XA1	Solicitude de traballos recibidos en consultoría	100 % das peticións recibidas
	Número de probas / tratamentos / outros	64.094
B.XA3	Solicitudes atendidas na central de chamadas	403.330

3. ACTIVIDADE ASISTENCIAL



3. ACTIVIDADE ASISTENCIAL

O incremento da demanda asistencial é o principal factor que determina a evolución da actividade do 2023, condicionada pola substitución de diverso equipamento de alta tecnoloxía sanitaria dentro do plan de renovación tecnolóxica (INVEAT: Investimento en Equipos de Alta Tecnoloxía sanitaria no Sistema Nacional de Saúde), superándose incluso os niveis de 2022.

DIAGNÓSTICO POR IMAXE

No ano 2023, a Unidade de Diagnóstico por Imaxe de Galaria renovou un dos seus equipos de Resonancia Magnética (RM), que foi substituído no mes de xuño por unha RM de alto campo cun imán de 70 cm de diámetro que facilita o confort do paciente, e que incorpora por primeira vez algoritmos de intelixencia artificial na adquisición das imaxes, permitindo reducir os tempos de exploración e incrementar a súa calidade. Completouse así a renovación de todos os equipos de RM da Unidade.

Grazas a manter no segundo semestre de 2023 un cuarto equipo de RM móbil de alto campo, a Unidade de Diagnóstico por Imaxe conseguiu superar as 30.000 resonancias. Dende as unidades móbiles atendeuse toda a demanda de estudos de RM dos sete hospitais comarcais de Galicia, realizando ao menos unha estadia mensual en cada un deles todos os meses do ano, para evitar desprazamentos innecesarios dos pacientes aos seus centros de referencia, e proporcionando unha atención de alta calidade diagnóstica e cunha baixa espera media (menor de 30 días en todos eles). Pero ademais, colaborouse cos hospitais de Vigo, Pontevedra, Coruña e Lugo realizando neles máis de 10.600 estudos de RM ao longo do ano 2023, para reducir o impacto que a renovación (INVEAT) e conseguinte parada dos equipos de RM destes hospitais ía ocasionar.

Seguindo a tendencia dos últimos anos continuou observándose un incremento da solicitude de probas de alta complexidade, con imaxes funcionais, coma as RM multiparamétricas de próstata, ou as RM de mama multiparamétricas realizadas grazas á cualificación dos técnicos especialistas en radiodiagnóstico das unidades móbiles e dos radiólogos da Unidade, organizados por áreas anatómicas de coñecemento.

Mostrando unha vez máis a capacidade da Unidade de Diagnóstico por Imaxe de atender as necesidades dos pacientes, no mes de setembro de 2023, comezou a colaboración co Hospital de Ferrol na elaboración de informes por parte dos radiólogos da Unidade de probas realizadas nas RM do Hospital de Ferrol, para así aproveitar ao máximo a capacidade dos equipos de RM instalados nos hospitais públicos de Galicia, téndose feito ata a fin de ano máis de 1.100 informes de RM.

Tamén no ano 2023, a Unidade de Diagnóstico por Imaxe acadou a renovación da Certificación de Calidade en ISO 9001; celebrando ademais este ano os 20 anos ininterrompidos da certificación da calidade.

RESONANCIAS MAGNÉTICAS		
2021	2022	2023
23.098	26.553	30.000

MEDICINA NUCLEAR

Medicina Nuclear Vigo

A Unidade de Medicina nuclear (MN) de Vigo aumentou o número de pacientes tratados no 2023 respecto do ano 2022 nun 0,5% pasando de 3.441 pacientes en 2022 a 3.457 en 2023.

Durante 2023 continuaron as obras de acondicionamento e instalación de novos equipos dentro do Plan INVEAT de renovación de equipamento de alta tecnoloxía, concretamente tres gammacámaras SPECT/CT, coa incorporación de dous novos equipos de G.E 870 finalizada en xuño e GE 860 finalizada en novembro e finalmente un equipo Siemens instalado en setembro. Estes novos equipos supoñen un importante salto cualitativo a nivel de imaxe clínica e tempos de equipo por paciente.

A pesar do tempo de parada dos equipos substituídos xestionouse o nivel de atención permitindo aumentar a actividade sen grandes problemas nos tempos de espera dos pacientes.

Respecto á tipoloxía de estudos, véñse observando como en anos anteriores un incremento no número de estudos de alta complexidade e duración, en especial en SPECT/CT para demencias cerebrais e estudos de nefro-uroloxía.

No que se refire á actividade en procedementos terapéuticos en Terapia Metabólica, realizáronse durante o ano 2023 un total de 115 tratamentos (91 con ingreso e 21 en réxime ambulatorio) fronte aos 211 tratamentos do ano 2022, o que representa un 45,5 % respecto ao ano 2022, diminución derivada por unha baixada na demanda de procesos oncolóxicos de tiroides. Non se realizaron derivacións para terapia con ingreso a outras Unidades de Galicia como en anos precedentes.

Dentro das terapias con radiofármacos, realizáronse un total de 15 terapias con Lutathera para tumores neuroendocrinos, 7 terapias con Ra 223 para carcinoma prostático e 3 terapias intratumorales con 90Y para tumores hepáticos.

Respecto das entradas e saídas de pacientes durante o ano 2023, o ratio de entradas respecto ás saídas é de un 0,93, inferior ao obxectivo inferior a un.

O efecto do comentado anteriormente na lista de espera de MN para procedementos diagnósticos mantívose nos baixos niveis do ano pasado, cunha espera media de 20 días para estudos iniciais e 23 días para totais, cunha demora máxima de 104 días.

Respecto ao número de pacientes en PET/CT atendéronse en 2023 un total de 4.307 pacientes, o que representa un incremento do 4,2 % respecto do ano anterior con 4.134 pacientes atendidos.

É preciso sinalar que motivado pola incorporación dun novo equipo diagnóstico no 2023, a Unidade estivo parada por proceso de obras/instalación e formación dende finais de maio ata outubro de 2023, realizando una derivación completa de pacientes da Área a Povisa durante este período para estudos de FDG e Colina e ao CHUS durante o mes de agosto para estudos de Colina.

Nas entradas e saídas en 2023, a relación de entradas respecto a saídas é de 1,01, levemente superior ao obxectivo de inferior a un, estando testificado pola derivación realizada durante varios meses do ano 2023 que supuxo unha menor actividade programada respecto á demanda.

A espera media a finais do ano 2023 para probas de F18 FDG é de 7,2 días para estudos iniciais (7 días en 2021) e de 17 días para pacientes totais (12 días en 2022), cunha demora máxima de 25 días (19 en 2022) e un total de 168 pacientes en espera (143 en 2022).

A demora media para Colina é de 30 días (49 días en 2022), cunha demora máxima de 81 días (133 días en 2022) e un total de 40 pacientes (76 pacientes en 2022).

No que respecta á realización de novas probas, durante o ano 2023 continúa a realización das prestacións conxuntas PET/CT con contraste radiolóxico en patoloxía tumoral pulmonar, coa intención de aglutinar dúas exploracións – TAC e PET nun mesmo estudo, evitando deste xeito unha segunda cita ao paciente, coa coordinación entre os hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro e a participación conxunta dos servizos de Neumoloxía, Radioloxía de Tórax e Medicina Nuclear.

En canto á carteira de servizo, durante o ano 2022 incorporouse PET -FDG PSMA para estudos diagnósticos de cancro de próstata, realizándose un total de 29 estudos en 2023, fronte aos 3 de 2022 .

En relación con Ga-68 DOTATOC diagnósticos en 2023 para o diagnóstico de tumores neuro-endocrinos, realizáronse no ano 2023 un total de 94 procedementos diagnósticos con este radiofármaco (93 en 2022).

PACIENTES TRATADOS MEDICINA NUCLEAR VIGO

2021	2022	2023
3.131	3.441	3.457

PACIENTES TRATADOS PET/TC VIGO

2021	2022	2023
3.971	4.134	4.307



Medicina Nuclear Ourense

A actividade desenvolvida pola Unidade de Medicina Nuclear de Ourense pasou de 3.051 en 2022 a 3.049 pacientes en 2023, o que representa un descenso dun 0,1%.

O descenso na actividade atribúese á instalación de dous novos equipos de gammacámara SPECT/CT dentro do mencionado plan INVEAT, coas fases de obra, instalación e formación que significou contar cun equipo de dous dispoñibles dende xuño a novembro de 2023, así mesmo a unha lixeira diminución da demanda.

A pesar da menor demanda de proba en Medicina Nuclear, mantense o obxectivo da ratio de entradas/saídas <1 cun resultado final de 0,75.

A lista de espera a final do ano 2023 é de 26 días (17 días en 2022) e de 26 días de espera media totais (18 en 2022) e 125 días de espera máxima (66 días en 2022) cun total de 177 pacientes en espera no 2023 (143 pacientes en 2022).

Durante o ano 2023, realizáronse as obras de acondicionamento da nova Unidade Diagnóstica PET/CT no Hospital Universitario Cristal, xa certificado polo Consello de Seguridade Nuclear iniciándose a actividade a finais de marzo.

MEDICINA NUCLEAR OURENSE – PACIENTES TRATADOS

2021	2022	2023
3.453	3.051	3.049



ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA

No exercicio 2023, a actividade da Unidade aumentará como consecuencia da substitución de novos equipos do CHOU. En concreto, dous novos LINAC TrueBeam que se cambiaron alternativamente pero cuxos pacientes foron desviados a esta Unidade.

Os tratamentos finalizados: 2.823 (un 12% máis que en 2022) distribuídos en teleterapia 2.465 (inclúe SBRT), radiocirurxía e radioterapia cerebral estereotáxica fraccionada 160 pacientes e braquiterapia 198.

Os tratamentos IMRT/VMAT aumentaron un 34% en comparación co ano anterior con 1.617 (70% dos tratamentos de radioterapia externa). Os datos supoñen unha mellora na calidade asistencial que presta este servizo, pois a súa aplicación supón unha distribución de doses evitando puntos quentes en órganos sans e doses máis altas no tumor para unha maior precisión, preservando os órganos sans que o rodean, o que aumenta significativamente a complexidade das técnicas e preparación do paciente e o compromiso temporal do radioterapeuta e do radiofísico.

As solicitudes de teleterapia foron Radioterapia externa/SBRT e RDC: 3.123 (aumento do 13%) e saídas RDT e RDC: 3.125 (aumento do 17%).

ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA – TRATAMENTOS FINALIZADOS	
2022	2023
2.484	2.823
TRATAMENTOS IMRT / VMAT	
1.617	2.166



SERVIZO DE RADIOFÍSICA

Na Área de Radioterapia instalouse un novo equipo TAC dentro do Plan INVEAT. Este equipo incorpora dúas novidades moi importantes nos tratamentos de radioterapia. Por unha banda, permite un contorneo automático das estruturas do corpo, facilitando o traballo dos médicos á vez que homoxeneiza o seu traballo. Pola outra banda incorpora un sistema que monitoriza os movementos respiratorios do paciente para una adquisición das imaxes do TAC que permite mellorar a precisión do tratamento, xa que mellora a localización e o tamaño do volume a que se vai tratar.

Na área de dosimetría clínica seguiu atendéndose a demanda asistencial coa realización de 2.656 dosimetrías no ano 2023. Ademais traballouse coa Unidade de Oncoloxía Radioterápica no desenvolvemento de catro novos protocolos clínicos. Dous foron das patoloxías máis frecuentes (mama e próstata) e os outros dous van na liña da mellora da calidade cun protocolo de radiocirurxía de vértebra e un protocolo novo de cervix no que se utiliza a resonancia magnética para a mellor localización do tumor.

En Medicina Nuclear un ano máis o Servizo de Radiofísica conseguiu renovar a acreditación do PET "EARL FDG-PET/CT Accreditation" da Asociación Europea de Medicina Nuclear.

Participouse no proceso de cambio de equipos na Unidade de Medicina Nuclear de Vigo dentro do plan INVEAT. (Cambiáronse tres gammacámaras con CT, un Pet/CT e dúas sondas intraoperatorias).

Outro aspecto importante da actividade foi a participación en varios grupos de traballo multidisciplinares cos demais servizos para a actualización de protocolos. No grupo de traballo de seguridade do paciente e análise de risco fixéronse importantes achegas na mellora da seguridade e calidade dos tratamentos.

O servizo de Radiofísica, conxuntamente coa Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR), continuou realizando as tarefas habituais de protección radiolóxica na Unidade de Medicina Nuclear do Hospital do Meixoeiro e nas instalacións de radiodiagnóstico situadas en hospitais, ambulatorios, centros de especialidades e unidades de atención primaria dependentes do Sergas na Área sanitaria de Vigo.

UNIDADE DE PROTECCIÓN RADIOLÓXICA

Dende a súa creación, en abril de 1995, a Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR) dedícase á protección radiolóxica no ámbito das instalacións de radiodiagnose médica, conforme a súa autorización concedida polo Consello de Seguridade Nuclear (CSN).

Na actualidade a UTPR ocúpase dos controis de calidade e medicións de doses de todos os centros do Sergas, excepto dos que son controlados polo servizo de protección radiolóxica da Área Sanitaria de Santiago e a demanda nas de Lugo, Ourense e Vigo.

Colaborouse cos Servizos de Protección Radiolóxica propios para o cumprimento dos requisitos legais no ámbito da protección radiolóxica referente aos aparellos de Raios X, e nas áreas sanitarias de Ferrol, A Coruña e Pontevedra realízase a medición de doses na súa totalidade. Así mesmo, a UTPR ocúpase do control dosimétrico dos traballadores expostos a radiacións ionizantes das áreas sanitarias de A Coruña e Cee, Pontevedra, O Salnés e Ferrol e nos hospitais de Verín, Valdeorras e Álvaro Cunqueiro.

A UTPR realizou controis de calidade do equipamento radiolóxico incluíndo monitores de visualización da imaxe diagnóstica médica, así como todo tipo de soportes de imaxe dixital empregados en

radiacións ionizantes producidos por todos os tipos de modalidade de imaxe radiolóxica existentes conforme ao establecido polo Protocolo Español de Control de Calidade en Radiodiagnose (versión 2011) e medicións na totalidade dos hospitais e Centros de saúde pertencentes ás áreas sanitarias de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Ferrol e Lugo e no Hospital Comarcal de Valdeorras e Hospital de Verín da Área Sanitaria de Ourense. Durante o 2023, realizáronse todos os servizos incluídos na Addenda do Contrato Programa de Galaria co Sergas.

No ano 2023, como tamén sucedeu en anos anteriores, hai que salientar a incorporación de novos equipos, derivada das compras que realizou o Sergas por medio de diferentes expedientes de contratación (principalmente plan INVEAT); renovación que tamén tivo incidencia na actividade da UTPR. O papel desta Unidade foi moi importante, tanto no asesoramento, como na aceptación e supervisión da calidade dos novos equipos instalados.

A Unidade reactivou a actividade formativa, en colaboración con ACIS, para a realización de vídeos de formación que estarán dispoñibles para todo o persoal sanitario en 2024. Tamén se realizou unha sesión formativa no Hospital do Salnés.

Os datos de actividade do exercicio 2023 indican que a UTPR levou a cabo un total de 674 controis de calidade (incluíndo controis de calidade anuais, intervencións tras reparación ou axuste e estados de referencia inicial) de todos os diferentes tipos de equipos incluídos na cadea de imaxe diagnóstica dixital dos Servizos de Radioloxía do Sergas.

Durante o ano 2023 continuouse coa posta en marcha do proxecto X_DOSE para a elaboración dun historial de indicadores dosimétricos dos pacientes que teñen que ser sometidos a unha proba con emisión de radiación e dar así cumprimento á normativa europea e española. Neste ano realizouse a validación da conexión da práctica totalidade dos equipos conectados a X_DOSE.

SERVIZO DE CONSULTORÍA

Durante o ano 2023, o Servizo de Consultoría proseguiu co seu labor de asesoramento continuado en planificación e adquisición de equipamento ao Sergas e á Consellería de Sanidade.

En canto á actividade realizada para a Dirección Xeral de Recursos Económicos do Sergas, centrouse no apoio aos seus proxectos en marcha, que durante a anualidade tivo impacto en gran número de centros de Galicia grazas ao incremento de peso de licitacións de dotación centralizadas de equipamentos para distintos centros.

Entre outros, destacan a dotación de equipos de ecografía para servizos de Xinecoloxía e Obstetricia, Uroloxía, Vascular, Reumatoloxía e UCI, de dispensación automatizada centralizada de medicamentos, de desfibriladores e bisturís de baixa potencia para centros de atención primaria, de monitorización e soporte vital e ventilación, así coma deseño de dotación para as unidades de reprodución humana nas tres áreas de referencia para estas técnicas no Sergas. Destaca tamén a elaboración de pregos e/ou informes de adjudicación para renove do Hospital Álvaro Cunqueiro (equipamento de cirurxía maxilofacial, urodinamia, laparoscopia e cirurxía torácica, ortopantomógrafo 3D, sala Intervencionismo,...), a Fase 0 do Hospital da Coruña, e do equipamento do CIS Lalín.

Respecto á actividade realizada para a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, finalizouse a elaboración da Estratexia de Oncoloxía de Precisión de Galicia, na que se realizou unha fase de análise de información e propostas de actuación, coordinou e dinamizou o grupo de traballo, levouse a cabo a discusión cos actores implicados e consolidación do documento e organizouse a xornada de presentación institucional e a primeira xornada de análise de experiencias de Comités Moleculares de Tumores consolidados como primeiro paso á implantación. Así mesmo, realizouse un labor de apoio no arranque do funcionamento da Oficina Técnica de Oncoloxía de Precisión do Servizo Galego de Saúde.

A nivel de actividades de asesoramento e apoio técnico, mantívose a asistencia e elaboración de actas nas reunións de seguimento do expediente correspondente á adquisición de equipamento de alta tecnoloxía mediante selección dun socio tecnolóxico, así como a asistencia e apoio á demanda ao grupo de traballo de posta en marcha do Centro de Protonterapia.

Mantívose colaboración coa Axencia de Coñecemento e Innovación Sanitaria (ACIS), continuando cos labores de apoio na liña de colaboración no proxecto de Compra Pública Precomercial INNOVAMICROLAB e iniciouse o asesoramento nun novo plan de Innovación destinado a concorrer á convocatoria FID 2024, Precisaude.

Especialmente salientables foron os traballos de apoio a posta en marcha tanto na coordinación coma na elaboración de pregos e informes do Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas de Galicia, así como no desenvolvemento de diversas propostas de proxectos colaborativos de investigación (proxecto CAR-T Galicia).

No eido da xestión do sistema de calidade da empresa, continuouse coa evolución dos sistemas adaptados a ISO 9001:2015 tanto da Sociedade como da Unidade Centralizada de Radiofarmacia de Galicia, S.A. Continuouse, así mesmo, co apoio para a acreditación mediante ISO 15189 da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

UNIDADE DE PRODUCCIÓN DE FÁRMACOS

Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas de Galicia (CAR-T)

Avanzouse no proxecto de creación dun Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas / medicamentos CAR-T iniciado a finais de 2020. A terapia con células CAR-T (Chimeric Antigen Receptor T Cells) consiste en extraer as células T do paciente, modificalas xeneticamente no laboratorio para que recoñezan as células cancerixenas e volvelas infundir ao paciente. Esta modificación permite que as células T do propio paciente recoñezan os receptores das células tumorais e as eliminen. Este tipo de tratamento é unha combinación de terapia xénica e terapia celular, buscando sinerxias no desenvolvemento de tratamentos personalizados, eficaces e seguros.


Durante 2021 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Sergas, Galaria e a Universidade de Santiago para a colaboración na posta en marcha do Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas e outros medicamentos de inmunoterapia celular avanzada de Galicia e a creación dunha Unidade Mixta de investigación na materia. Dentro deste ámbito asinouse un acordo de cesión por 4 anos das instalacións do antigo Instituto de Ortopedia e Banco de Tecidos Musculoesqueléticos situado no Monte da Condesa.

Asemade, asinouse un Convenio de colaboración entre o Sergas, o Hospital Clinic de Barcelona e Galaria para traballar conxuntamente na aplicación da tecnoloxía CAR-T en Galicia, e no desenvolvemento de ensaios clínicos con medicamentos CAR-T. Actualmente trabállase en colaboración co Clinic e co persoal do CHUS para o deseño e desenvolvemento do ensaio clínico ARI0003.

En decembro de 2021 publicouse no DOG a encomenda de xestión do Servizo Galego de Saúde para o deseño e posta en marcha dun Centro de Producción de CAR-T en Galicia cun importe asignado de 2.373.400 euros. En outubro de 2023 publicouse no DOG a ampliación da mencionada encomenda no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, que incorpora o financiamento con fondos Feder React-UE, indica que o importe do investimento que se vai realizar ata finais de 2023 ascende a 3.000.000 de euros. O nivel de investimento realizado o 31 de decembro de 2023 aproxímase aos tres millóns de euros, superándose este importe a principios de 2024.

Durante 2023 produciuse a incorporación de persoal de novo ingreso no Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas de Galicia, concretamente seis prazas entre técnicos de laboratorio e titulados superiores especialistas en terapias celulares.

En marzo asinouose entre a Axencia galega de innovación (GAIN), o Sergas, Galaria, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña, Vigo, a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), a Fundación Novoa Santos, e a Fundación Biomédica Galicia Sur (FBGS), un protocolo para a constitución da Unidade cooperativa de investigación en terapias avanzadas de Galicia, que permita a creación dunha rede de investigación colaborativa enfocada á execución de proxectos de investigación básica, preclínica e clínica de forma coordinada e cooperativa.



Unidade de Radiofármacos PET de Galicia

A tecnoloxía PET, por medio da cal é posible coñecer o funcionamento e metabolismo dos tecidos e órganos, adquiriu unha enorme relevancia na maioría dos países desenvolvidos, e cada día increméntase a demanda dese tipo de exploracións por parte dos especialistas, á vista das súas cada vez maiores aplicacións e da súa eficacia diagnóstica nos eidos da oncoloxía, a cardioloxía e as patoloxías neurolóxicas. Esta técnica de diagnóstico baséase na utilización dunha serie de moléculas que son incorporadas ao organismo do paciente para poder observar mediante a tomocámara PET a súa distribución nos tecidos.

O ciclotrón, que é o equipo principal da Unidade de Radiofármacos PET Galicia, é, basicamente, un acelerador de partículas, produtor dos isótopos radioactivos cos que se marcan as moléculas que lle van ser inxectadas ao paciente.

Dende novembro de 2008, a Unidade, dependente de Galaria, leva producindo regularmente e subministrando [18F] fluorodesoxiglucosa (FDG), marcada con flúor-18 aos hospitais do Servizo Galego de Saúde que contan con equipos de exploración PET (Vigo e Santiago) e ao Centro Oncolóxico da Coruña.

A solicitude desta molécula foise incrementando cada ano dende o seu inicio. No 2023, a produción total de FDG foi de 11.670 doses, fronte as 11.490 doses do 2022.

En 2014 a Unidade recibiu da Consellería de Sanidade autorización para producir calquera radiofármaco PET que cumpra as normas esixidas pola AEMPS. De feito, a partir deste momento, a unidade comezou a traballar na posta en marcha dos procedementos e protocolos de seguridade e calidade esixibles para a produción de [18F] fluorocolina (FCOL), marcada con flúor-18, e dende os primeiros meses de 2015 subministrase aos equipos PET que o soliciten para o diagnóstico de carcinoma prostático. A petición total de doses de FCOL no 2023 foi de 1.053, fronte as 835 doses no 2022.

En canto a autorizacións, no 2019 a unidade conseguiu a certificación de cumprimento de Normas de Correcta Fabricación por parte da AEMPS para a FDG e a FCOL, renovando o certificado no 2022. Tamén no 2019 conseguiu autorización por parte da AEMPS para a fabricación non industrial destes dous radiofármacos, sendo a única unidade de radiofarmacia pública en España que elabora e distribúe radiofármacos PET a diferentes hospitais da mesma comunidade.

Respecto á modernización das instalacións, no 2018 fíxose unha actualización do Ciclotrón como parte do plan de renovación aos 10 anos recomendada polo fabricante. No 2019 procedeuse á instalación de dous novos brancos de niobio (Nb) que permitiron aumentar a capacidade de produción e ademais instalouse unha nova cela de dispensación, comezando cun proxecto de renovación de equipos necesarios para satisfacer a demanda crecente de doses e radiofármacos dos últimos anos. No 2021 instaláronse dous módulos de síntese que permiten facer varias producións de FDG consecutivas, facilitando así o traballo habitual e a resolución de incidencias que poden aparecer durante estas sínteses.

UNIDADE DE PRODUCCIÓN DE RADIOFÁRMACOS PET DE GALICIA			
	2021	2022	2023
Produción FDG	10.733	11.490	11.670
Produción FCOL	734	835	1.053

PLATAFORMA MULTISERVIZO SAÚDE EN LIÑA

A sociedade continuou coa xestión da plataforma multiservizo Saúde en Liña, manténdose neste período a atención de chamadas para a solicitude de reprogramación / anulación de citas no ámbito da atención especializada. O número de chamadas atendidas durante o 2023 foi de 403.330 (fronte ás 593.655 que se rexistraron en 2022), das que 109.996 foron para concertar cita de atención primaria e 144.513 para cita de especializada (232.425 e 137.296, respectivamente no 2022).

Durante o ano 2023 está a levarse a cabo un piloto no que a central de chamadas, de luns a venres, se encarga da xestión dos casos CRM 100 rexistrados no horario no que o centro non está aberto, de 6 a 8 e de 21 a 22 e nos centros de saúde que só traballen de mañá, xestiona tamén os casos que se xeren no horario de tarde, de 15:00 a 22:00 horas. Durante este ano, o número de casos atendidos foron 18.105.

PLATAFORMA MULTISERVIZO SAÚDE EN LIÑA		
	2022	2023
Total chamadas atendidas	593.655	403.330
Cita atención primaria	232.425	109.996
Cita especializada	137.296	144.513

OFICINA TÉCNICA DE SEGUIMIENTO (OTS)

A sociedade continuou co control da Oficina Técnica de Seguimento da execución do contrato do servizo loxístico integral do Servizo Galego de Saúde avanzando no deseño de melloras na xestión e funcionamento da central loxística.

UNIDADE CENTRAL DE RADIOFARMACIA

Dende a participación que a sociedade ten na Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia, SL (Ordes), continuouse coa xestión e preparación dos radiofármacos convencionais que se administran nas unidades asistenciais de medicamento nuclear de Galicia.

OUTRAS ACCIÓNS SIGNIFICATIVAS DO 2023

En termos globais, cabe salientar as seguintes:

- Galaria continuou realizando actividade asistencial nos eidos da Oncoloxía Radioterápica, Diagnóstico por Imaxe (unidades móbiles) e Medicina Nuclear nos mesmos lugares que en 2022,. A actividade clínica prestada pola Sociedade dálle cobertura asistencial, nalgunha destas especialidades a máis de 1.250.000 persoas residentes no sur de Galicia.
- Avanzouse no proxecto de creación e posta en marcha dun Centro de fabricación propia de terapias avanzadas / medicamentos CAR-T iniciado a finais de 2020, e actualmente en fase de validación de instalacións e inicio de actividade.
- A través da súa división de Consultoría, seguiu prestándolle asesoramento ao Servizo Galego de Saúde en materia de avaliación, planificación, adquisición, organización e xestión de recursos asistenciais, ademais de colaborar coa Dirección de Recursos Económicos na xestión integrada dos proxectos e obras que promove a administración sanitaria de Galicia.
- Tamén, a través do departamento de consultoría, mantívose colaboración coa Axencia de Coñecemento e Innovación Sanitaria (ACIS). así mesmo, participou en diferentes grupos de traballo integrados en diferentes proxectos de compra da Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde..
- Mediante o servizo de Radiofísica e a Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR), levou a cabo o control de calidade e a medición de niveis de radiación de parte importante das instalacións de radiodiagnóstico da rede hospitalaria pública de Galicia e está desenvolvendo o proxecto X-Dose, que permite medir a radiación dos pacientes galegos sometidos a calquera exploración diagnóstica que emita radiación, cumprindo así a normativa europea ao respecto.
- Continuou coa produción regular e subministración de Fludesoxiglucosa marcada con flúor 18 (FDG) e de F18 Colina, na súa Unidade de radiofármacos PET Galicia (Ciclotrón), para os hospitais do Servizo Galego de Saúde e do Centro Oncolóxico de A Coruña que contan con equipos de diagnóstico PET.
- Continuou coa xestión da plataforma multiservizo Saúde en Liña, na que se centraliza a cita previa telefónica dos centros de atención primaria de Galicia e a solicitude de reprogramación / anulación de citas no ámbito da atención primaria e especializada.
- Continuou mantendo baixo o seu control a Oficina Técnica de Seguimento da execución do contrato do servizo loxístico integral do Servizo Galego de Saúde.
- Colaborou coa Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e o Instituto Galego de Oftalmoloxía no proceso de xestión nos departamentos de recursos humanos e contratación-administrativa.
- No 2023 seguiu avanzando no proxecto de implantación dun centro de protóns en Galicia. Actualmente, e unha vez adxudicado o expediente de contratación do Ministerio de Sanidade e asinado o contrato con IBA para a subministración de 10 equipos de protonterapia para os diferentes centros de protonterapia que se van instalar en España. Durante 2023 finalizou a fase de desenvolvemento do proxecto básico de deseño do Centro; proxecto presentado e aprobado polo Sergas . Iniciadas as obras do aparcamento provisional necesario para o inicio das obras do edificio. Paralelamente estase a traballar en concretar dous pre-acordos de colaboración (para actividades de I+D) acadados con

dúas das principais empresas fabricantes de equipamento de protonterapia, a propia IBA (provedora do equipo ProteusOne cedido polo Mº, e dun posible segundo ciclotrón) e a empresa Leo Cancer Care (fabricante de equipos de posicionamento de paciente con CT).

- Por último, e seguindo co desenvolvemento de Proxectos vinculados coa economía circular no ámbito sanitario, Galaria participa xunto con outros organismos públicos e entidades sociais nun proxecto europeo de carácter medioambiental, económico e cultural cuxo obxectivo é combinar o deseño, a sustentabilidade, a accesibilidade e a estética para participar e cumprir co chamado Pacto Verde Europeo; este proxecto europeo coñécese como New Bauhaus, do que o Sergas é *partner* oficial. Tamén colabora no desenvolvemento de diferentes proxectos europeos como Horizon-2cl6-024-Biov-02-2 de benestar e oportunidades para unha sociedade viva, sa e equitativa, e o Life Resystal destinado á mellora do marco de resiliencia vinculado co cambio climático para os sistemas de saúde e os hospitais.
- No exercicio 2023, a Sociedade mantivo a acreditación conforme a norma internacional ISO 9001:2008.



ACTIVIDADES EN MATERIA DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

O Servizo de Radiofísica continuou participando no proxecto europeo SAMIRA destinado ao estudo da implantación da Directiva 2013/59/Euratom nos diferentes estados da UE. Os resultados deste proxecto darán como resultado unha guía de recomendacións financiada pola Comisión Europea e os resultados provisionais foron expostos nunha comunicación oral no Congreso Europeo de Radioterapia (ESTRO 2023, Viena).

O Servizo de Radiofísica colaborou coa SEFM (Sociedade Española de Física Medica) para a elaboración do Protocolo Nacional de Control de Calidad de Planificadores que se presentará no ano 2024.

No Congreso Nacional das sociedades SEFM e SEPR celebrado en Oviedo, presentouse a publicación: Comparación de los algoritmos AAA e AXB cco sistema de verificación Mobius.

Mantívose o desenvolvemento do proxecto Europeo SINFONIA iniciado no último trimestre do ano 2020, o cal consiste na avaliación do risco de radiación por efectos prexudiciais da exposición médica durante o tratamento radioterápico de pacientes con linfoma ou tumor cerebral. Neste proxecto traballan unha ducia de institucións doutros tantos países sendo Galaria unha desas institucións.

A Unidade de Medicina Nuclear de Vigo continúa participando a través do equipo PET/CT en tres ensaios vinculados con diferentes enfermidades oncolóxicas (cancro de páncreas, próstata, hematoloxía en linfomas).

Respecto á Unidade de Oncoloxía Radioterápica, este ano presentouse a análise da resposta do tumor baseada en imaxes funcionais. Os resultados da análise realizada foron presentados no Congreso ESTRO 2023 en Viena.

Participación no estudo BOADICEA (Breast and Ovarian Analysis of Disease Incidence and Carrier Estimation Algorithm), un modelo de predición de risco de cancro de mama (BC) multifactorial, para predecir o risco de BC aos cinco anos e o seu impacto económico para o SNS.

Na análise de riscos, o Servizo de Radiofísica elaborou, en colaboración coa Unidade de Radio-Oncoloxía, unha análise detallada de riscos no proceso de radioterapia seguindo a metodoloxía MARR (Matrices de Análise de Riscos de Radioterapia) elaborada conxuntamente polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, o CSN e as sociedades científicas de Física Médica (SEFM), Protección Radiolóxica (SEPR), Radio Oncoloxía (SEOR) e Técnicos en Radioterapia (AETR). Continúa o método MARRTA, que permite a análise de matrices de risco en radioterapia con técnicas avanzadas. O grupo de Seguridade do Paciente segue recollendo e analizando as incidencias detectadas.

Respecto ao Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas, estase traballando en colaboración co Hospital Clinic de Barcelona e o CHUS no deseño do ensaio clínico co fármaco ARI0003 e na redacción de protocolo de ensaio clínico.

Participación como parte do equipo investigador no proxecto do Hospital Clínic de Barcelona presentou ao Plan complementario de biotecnoloxía aplicada á saúde de Catalunya.

Proxecto CART SOL enviado á convocatoria de proxectos en liñas estratéxicas 2022 da Axencia Estatal de Investigación na que se presentara o proxecto sobre terapia CAR-T e hidroxeles en consorcio coa CUN, o CSIC e a USC.

Finalmente, participación como parte do equipo investigador no proxecto presentado ao Plan complementario de biotecnoloxía aplicada á saúde de Galicia, e participación como parte do equipo investigador no proxecto presentado ao Plan complementario de biotecnoloxía aplicada á saúde de Galicia.

m